

LA ODISEA DE LOS GILES

Sebastian Borensztein, 2019

616

ESTREA EN NUMAX: 13.12.2019 | V.O. | +12

La odisea de los Giles (2019, 116')

Dirección: Sebastian Borensztein

Guión: Sebastian Borensztein

Elenco: Ricardo Darín, Luis Brandoni, Chino Darín, Verónica Llinás, Daniel Aráoz, Carlos Belloso, Rita Cortese, Andrés Parra, Marco Antonio Caponi, Ailín Zaninovich

Son: Victoria Franzan

Fotografía: Rodrigo Pulpeiro

Montaxe: Alejandro Carrillo Penovi

Dirección de arte: Daniel Gimelberg

Vestuario: Valeria Fernández, Julian Rugolo, Carla Vergagni

Música: Federico Jusid

Produtora: K&S Films, Mod Producciones, Kenya Films (Arxentina-España)

Distribuidora: Alfa Pictures

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2019 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA

Capitán Kóblie, 2016

Sin memoria, 2010

La suerte está echada, 2005

Tiempo final, 2000 [Serie TV]

La Argentina de Tato, 1999 [Serie TV]

La condena de Gabriel Doyle, 1998 [Serie TV]

El garante, 1997 [Serie TV]

SINOPSE

Provincia de Buenos Aires, fins do 2001. Un grupo de amigos e veciños perde o diñeiro que conseguira reunir para reflotar unha vella cooperativa agrícola. Ao pouco tempo, descubren que os seus aforros se perderon por unha estafa realizada por un avogado pouco escrupuloso e un xerente de banco que contaban con información do que se ía desencadear no país. Ao enterarse do sucedido, este grupo de veciños decide organizarse e armar un plan co obxectivo de recuperar o que lles pertence.

«Conta cun deslumbrante guión repleto de comicidade que mantén o pulso nos momentos de maior dramatismo, sen abandonar o ton pícaro e cínico do inicio»

Cristina Aparicio,

CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



Nota do director

No ano 2001, Arxentina sufriu un colapso económico e financeiro que arrastrou á ruína e a desesperación a millóns de persoas. Neste contexto, que un grupo de persoas de diferentes clases sociais se organice para desafiar o *establishment*, representado nos roles do avogado Manzi e o xerente do banco Alvarado, co obxectivo de recuperar un soño e saír vitoriosos tras executar un plan para o que non están nin minimamente capacitados, é unha fantasía absoluta. Algo desexábel pero improbábel na vida real, e por iso ten un magnetismo único.

A épica dun grupo de simples mortais que se enfrenta ao poder é o eixo da historia. Certas pasaxes pódense asociar co neorrealismo italiano, tanto polas características dos personaxes como polos avatares do relato e este ton íllanos do inverosímil e fainos empatizar coa historia e os seus personaxes de xeito inmediato.

Non podo dicir que este filme sexa unha comedia porque cando o penso agroma a escuridade e o drama en varias pasaxes cruciais do relato. Neses momentos puxen o foco en acadar a maior profundidade emocional posíbel, pero evitando o melodrama.

“Se non existe consideración polo outro pouco podemos agardar”

Entrevista con Sebastian Borensztein

Por Enzo Maqueira

O filme explora unha idea moi arxentina: non darse por vencido a pesar de todo. Os personaxes deciden facer xustiza pola súa propia man. Ninguén os escoita, non poden contar con axuda, así que teñen que ocuparse de si mesmos. A historia funciona un pouco como catarse colectiva do sufrido na crise de 2001, algo así como a xustiza poética que pode achegar o cinema. Este non é un grupo homoxéneo, é multi ideolóxico e hai unha metáfora interesante no feito de que xente tan diversa poida reunirse para traballar cun obxectivo en común, alén das diferenzas sociais ou políticas que poidan ter.

Dalgún xeito están unidos por esa idea de sentirse giles. Exacto. A idea de que somos os *giles* os que nos erguemos todos os días para saír traballar, os que pagamos os impostos, os que facemos as cousas ben, mentres dez ou doce tipos manexan os fios de todo. Ese é un pensamento moi arraigado na nosa sociedade. Ser un *gil* é un xeito de identificarse cunha figura que tamén encerra certa esperanza, porque

está demostrado que os *giles* caemos pero tamén nos erguemos. Se miras a historia, somos o que poñemos o corpo e o peto unha e outra vez.

Por onde pasaría o cambio que ti imaxinas? Pola educación. Se non existe consideración polo outro pouco podemos agardar. A revolución persoal pasa por respectar o teu semellante, darlle prioridade, valoralo, prestarlle a atención que merece. Son regras básicas que tes que ensinar de xeración en xeración. Educar desde o respecto e a convivencia. Algúns, por idade, somos xa incorrexíbeis. O meu vello sempre me dicía: «Eu non o vou ver pero ti si». Creo que eu tampouco o vou ver pero a miña filla, que ten oito anos, estou seguro de que si. Hai cousas que os rapaces de hoxe xa non asumen con naturalidade. Teño moitas esperanzas no futuro.

Publicado en clarin.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Sebastian Borensztein (Bos Aires, 1963) é un recoñecido director e guionista, gañador do Goya ao mellor filme iberoamericano por *Un cuento chino* (2011). Entre os seus traballos anteriores destaca o seu labor como coguionista e director en *Sin memoria* (2008) ou *La suerte está echada*, comedia que escribiu e dirixiu en 2005. Antes de dirixir filmes, Borensztein era un dos produtores, directores e escritores da televisión arxentina máis prolíficos e exitosos.

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusedenamax